

EXPOSICIÓN ORAL

1.DATOS PERSOAIS

1.1.Datos das entrevistadoras

Nome:Sandra Bugallo Pazos, María Pazos González y Xainza Calvo Bugallo.

Curso: 4ºE

1.2 Datos da entrevistada

Nome: Leticia Costas Álvarez

Nacemento: 19 de setembro 1979 (41 anos).Vigo,Pontevedra.

Lugar de residencia: Santiago de Compostela.

Nivel de estudos: Graduada en dereito na Facultade de Vigo.

Profesión: Escritora (actualmente)

2. RECOLLIDA, TITULARES, ANÁLISE E INTERPRETATIVA

2.1 RECOLLIDA

2.2 CREACIÓN DE TRES TITULARES

Seguro que o machismo non existe?

Os problemas que a día de hoxe teñen que afrontar as mulleres polo simple feito de ser mulleres.

Ledicia Costas, unha escritora galega, cóntanos unha situación machista que sufriu nunha entrega de premios. A escritora foi alabada unicamente pola súa beleza, mentres que a un home que recibira o mesmo premio felicítáronno pola súa intelixencia.

Fai algúns meses entrevistamos a Ledicia Costas, unha galardonada escritora galega. Unha das preguntas era se algunha vez ao longo da súa vida literaria sufrira situacións discriminatorias por ser muller, ao que nos respondeu que si, que en varias ocasión recibiu comentarios desagradables. Contounos unha que lle chamou especialmente a atención.

-”Asistín a unha entrega dun premio dobre, na categoría de narrativa gañei eu e na categoría de ensaio gañou un home. Entón se nos achegou un señor coa intención de sacarnos unha foto. Agarrounos polos ombreiros e díxolle ao home :*oxalá se me pegue a túa intelixencia*, e a min miroume e díxome: *bueno...e a túa guapura*.

Esto é tan só un exemplo do tipo de situacións coas que teñen que lidiar as mulleres no seu día a día. Un comentario que tiña intención de eloxio, o único que fixo foi infravalorar o traballo de Ledicia.

Podemos comprobar que ,desgraciadamente esta é unha situación moi típica, sobre todo entre as mulleres que son coñecidas. Se prestamos atención as entrevistas ás famosas, podemos observar que sempre lles fan preguntas respecto ao seu vestido, coidado para a pel, como conseguen manter a súa beleza...é dicir, restándolle importancia ao seu traballo, como se o único importante fose a imaxe e o aspecto físico. En cambio, se nos fixamos nas entrevistas aos homes famosos, esta situación apenas ocorre.

Esto trátase doutra evidencia de que o machismo a día de hoxe, segue estando presente.

[fragmento 1](#)

Galegos sen galego

Que sentido tería chamarnos galegos se non coidamos a nosa lingua?

O galego é unha lingua que estase extinguindo a día de hoxe, e é o noso deber evitar isto, xa que a lingua é parte do noso patrimonio; a pegada que deixamos no mundo. Falamos coa escritora Leticia Costas sobre o seu punto de vista da perda lingüística.

Leticia Costas é unha muller galega falante por iniciativa propia desde os 14 anos, a pesar de que medrou nun entorno castelán falante. Pensa que a lingua galega debemos coidala, xa que é unha lingua minorizada que se está perdendo nas novas xeracións. -"É moi probable que unha nena ou un neno que se incorpore a escola de infantil, se empeza falando galego, é moi probable que a final de curso estea falando en castelán pola presión do grupo. A nosa misión, a dos escritores galegos, en gran parte é defender e protexer a lingua e apostar por ela".

O que quere dicir con estas palabras é que a presión social e a influencia dos demais toman un papel fundamental á hora de falar un idioma, sobretodo nas comunidades bilingües cando a lingua escollida é aquela que está minorizada. Aínda que a túa lingua materna sexa o galego neste caso, sendo o castelán a lingua maioritaria, existe a probabilidade de que chegues ata o punto de sentirte incómodo ou avergoñado falando a túa lingua materna fóra do ámbito familiar, sobre todo nas xeracións máis novas. Por iso é un grave problema a situación do galego nestes tempos, xa que a xente nova non sente o galego como "seu", moitos nin sequera se senten cómodos falando.

É a nosa misión fomentar a lingua, valorala e coidala. Facela nosa de novo e evitar perder a nosa esencia.

[fragmento 2](#)

Auto-discriminación

Sentimos vergoña da nosa propia lingua,só pasa en Galicia?

Ten sentido que unha persoa rexeite a súa propia identidade? Que se avergoñe da súa lingua? É ilóxico,pero a relación entre galegos e galego é algo así.

Falando con Leticia,contounos que o único lugar no que lle preguntaron por que escribía en galego non foi noutro lugar que na súa propia terra;en Galicia.A un escritor catalán non lle preguntan por que escribe en catalán,pero por que nós mesmos cuestionamos a nosa propia lingua? Se a desprestixiamos,como lle vamos a facer un lugar nas nosas vidas? Como a vamos a coidar? É vergoñento que rexeitemos así o galego,como se non tivera ningún valor.Non lle daremos un lugar na sociedade se nin sequera nos mesmos somos quen de respetala.Este é o grave problema ao que se enfrenta o galego hoxe en día,e é o deber de todos nós unirnos para destruír este problema e protexer o que nos pertence,a nosa herdanza.Deixar a un lado os prexuízos lingüísticos e respetarnos a nós mesmos.

[fragmento 3](#)

2.3 ANÁLISE INTERPRETATIVA ESCRITA:

A) PERSPECTIVA DO ENTREVISTADO

- Que opina o entrevistado en relación aos temas antes citados?

Igualdade:Pensa que aínda queda moito por lograr,xa que a día de hoxe segue habendo actitudes machistas,prexuízos hacia as mulleres,infravalorando as súas capacidades intelectuais.

Lingua:Pensa que o galego está en perigo e que é o noso deber coidalo,que existe presión social que che leva a falar en castelán.Debemos coidar o noso idioma e preservalo no tempo para evitar que se perda.

- Parécenos que as súas achegas moificaron/provocaron algún cambio na nosa opinión?

Non,porque xa éramos conscientes destes problemas,pero axudáron a consolidar o que pensabamos sobre eses temas,a decatarnos da importancia de preservar o galego

B) PERSPECTIVA ENTREVISTADOR:

- *Que nos sorprende das respostas do entrevistado e por que?*

Que fora unha persoa tan agradable e aberta, o interese que tiña a entrevistada en contestar todas as nosas preguntas... O que máis nos sorprende foi a historia co home na entrega de premios, pareceunos unha falta de respecto que denota moito os pensamentos machistas que ten esa persoa.

- *Que aprendemos do que comunicou o entrevistado?*

A coñecemos mellor, a súa visión do mundo sobre temas tan polémicos como son o machismo ou a conservación do galego.

3. CONCLUSIÓNS

- *Que opinamos nós da entrevista en xeral?*

Gustounos moito a experiencia, a entrevistada é unha persoa moi aberta e participativa, con gran interese pola actividade e axudarnos. Foi unha conversa moi fluida e sen silencios incómodos, xa que aínda que ao comezo estabamos algo nerviosas, estes nervios dissipáronse grazas a ela, que facilitounos un montón o traballo, estamos moi agradecidas por todo o que aportou ao noso traballo.

- *Que problemas atopamos para realizala?*

Non atopamos problemas en si, pero a única obxección que poñemos é que non a puidemos realizar en persoa por motivos do COVID.

- *Consideramos que ten unha utilidade práctica para o noso xeito de ver/valorar/vivir a lingua e a igualdade?*

Si, ao coñecer a experiencia dunha persoa que era castelán falante e decidiu comezar a falar en galego con tan só 14 anos.

- *Como vemos o futuro da lingua e da igualdade ?*

Só vemos unha mellora se todos poñemos da nosa parte, porque se seguimos así será imposible recuperar o galego e conseguir unha igualdade total. Debemos buscar un cambio como sociedade e unirnos por un ben común.

- *Se houberse que volver realizar a actividade, hai algo que modificarías/ engadirías / eliminarías?*

Non, gustounos moito.

- *A práctica resultou positiva ou negativa?*

Positiva, quedamos moi contentas con esta experiencia.